

# PLAN DIXITAL

## IES Xermán Ancochea Quevedo

[Versión 1.0\_ de xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

#### 32015876 \_IES Xermán Ancochea Quevedo

**Dirección:**

Avenida Xermán Ancochea, S/N  
 Pobra de Trives (Ourense)  
**C.P.:** 32780

**Teléfono:** 988330302

**Fax:** 988330302



<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesxermanancochea/>



**Email:** [ies.xerman.ancochea@edu.xunta.gal](mailto:ies.xerman.ancochea@edu.xunta.gal)

### Oferta Educativa

- **ESO** (con seccións bilingües)
- **Bacharelato** (Ciencias e Tecnoloxía , Humanidades e Ciencias Sociais )
- **Grao Básico FP** (Electricidade e Electrónica )
- **FP de grao medio** (Instalacións Eléctricas e Automáticas )
- **FP Grao Superior** (Sistemas Electrotécnicos e Automatizados )

Nº Alumnado					Nº Profesorado
ESO	BAC	Grao Básico FP	FP de grao medio	FP Superior	Grao Superior
80	19	4	14	29	35

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### • *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro*

A comarca das Terras de Trives integrada polos concellos de A Pobra de Trives, Manzaneda, San Xoan de Río e Chandrexa trátase dun espazo rural con un débil peso demográfico con menos de 5000 habitantes. Nas últimas décadas estase a producir un claro devalo demográfico debido ao éxodo cara a cidade que se produciu nas últimas catro décadas, este factor está acompañado polo avellentamento da poboación con medias superiores aos cincuenta anos.

As actividades económicas principais da comarca son o sector primario, sendo principalmente a gandería o que maior peso ten nos concellos de Chandrexa, Manzaneda e San Xoán de Río. O sector secundario é escaso, focalizado na existencia dunha importante cunca hidrográfica ( río Sil) conformada por 19 encoros, que ten actividade dende a súa creación en 1945. O sector servizos é ao que se adica a maior cantidade da poboación (en torno a un 60 %) e que radica principalmente na vila de referencia que é Trives, este sector está potenciado pola existencia da única estación invernal de Galicia que dinamiza a actividade económica dos tres concellos e áreas limítrofes. Por outra banda, existe un importante fluxo turístico en períodos estivais, propiciado principalmente pola existencia de emigrantes retornados que nos periodo de lecer retornan ao seu lugar de nacemento.

No que atinxe á actividade cultural, esta comarca tivo sempre un gran dinamismo na creación de cultura nas súas diferentes manifestacións, destacando a existencia dun gran número de grupos de música, asociacións culturais e festividades que se realizan en torno á cultura. Destacar tamén o carácter emprendedor nestes senso, existindo asociacións que promoven o deporte e a cultura como elementos clave no crecemento da poboación nova, que é a que está escolarizada no noso centro. Sinalar que estes estímulos fan que o noso alumnado sexa dinámico, realice un gran número de actividades extraescolares ( moitas delas no noso centro en horario de tarde) e que polo tanto teñan unha especial sensibilidade cara a cultura e o deporte como formas de crecemento persoal.

## ● **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.**

Un dos obxectivos principais do noso proxecto educativo é ofrecer ao alumnado as ferramentas e recursos que están a mudar e cambiar as formas de aprendizaxe e de socialización no mundo actual. O fenómeno dixital está provocando nas últimas dúas décadas un importante cambio nos procesos de ensinanza-aprendizaxe e nos medios e recursos que o alumnado dispón na súa etapa educativa. Un dos principios do proxecto educativo é tratar que o noso alumnado desenvolva ao máximo ás súas capacidades, polo que obviar este fenómeno dixital sería penalizar dunha maneira moi severa o seu aprendizaxe e preparación para a vida adulta. Á súa vez outro dos principios do noso centro é capacitar ao alumnado no uso de múltiples ferramentas dixitais (aulas virtuais, blogues, uso de diferentes aplicacións para as diferentes materias, emprego do correo electrónico, foros de comunicacións e creación de espazos dixitais). O centro dispón de 7 aulas de informática nas que tamén se habilitaron medios que promoven a formación dixital (robótica, programación, simulación de circuitos, etc.). Isto está unido a que outra das sinais de identidade do centro é a oferta educativa de formación profesional, que ten un claro perfil tecnolóxico vinculado á electricidade e á electrónica. Así mesmo, creáronse espazos como unha radio escolar, espazo de sonorización e podcast e todas as aulas dispoñen de ordenadores, canóns, audio e pizarra dixital en todas as aulas de grupo. Todo este conxunto de características dan ao noso centro unha clara intención de potenciar entre o alumnado o uso de estas tecnoloxías que cambiaron e aínda cambiarán máis as nosas formas de comunicarnos, aprender, traballar e descubrir crear coñecemento. Non obstante a dotación e mellora do centro neste ámbito é un dos retos máis importantes dos vindeiros anos, para acadar unha competencia dixital do alumnado que deberá traballar de forma completamente dixital nas vindeiras décadas.

Os **plans de innovación** nos que actualmente participa o centro son os seguintes: o plan de formación do profesorado estivo este anos formado por tres seminarios, dos que dous son claramente enfocados cara ao ámbito da dixitalización (realidade virtual aumentada e radio escolar). Mediante este plan de formación buscamos que o profesorado coñeza e use novas ferramentas na aula adiantándonos á

capacitación que os docentes debemos ter nos obxectivos da consellería entre os anos 2021 e 2027. O outro plan de innovación no que estamos inmersos non está vinculado ao ámbito tecnolóxico (xa que é o programa Iguala T) que en certo modo procura unha mellora convivencial e relacional entre o alumnado. En vindeiros anos o obxectivo é continuar no plan de formación coa proposición de cursos/seminarios enfocados á dixitalización e completar os espazos do centro participando en programas de innovación de formación profesional ou concursos como *innovagal*. Estamos interesados tamén na participación dos programas que dotan ao centro de orzamentos para a mellora, modificación e restructuración de infraestruturas e espazos.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

Para o vindeiro curso plantexaremos varios obxectivos vinculados coa dixitalización, en primeiro lugar o xa citado anteriormente a través do plan de formación do profesorado no que proporemos a continuidade das dúas liñas de formación. Unha enfocada ao manexo de aplicacións e programas para o profesorado como ferramenta de aula, e outra de clara vocación organizativa para actualizar, crear e modificar actualizacións de plans e proxectos existentes na educación. Nos últimos dous cursos fixemos un total de 4 grupos de formación dixital e o vindeiro ano serán propostos dous.

O plan dixital xunto coa futura participación do centro en un programa de innovación educativa Polos Creativos supón o máis salientable do Proxecto Educativo do IES Xermán Ancochea Quevedo.

Ademáis a implementación e avaliación do PD serán o núcleo central da Programación Xeral Anual do curso 22/23.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

De acordo co Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación, o centro debe permitir ao alumnado o acceso, dende calquera sitio e en calquer momento, aos entornos virtuales de aprendizaxe, como a aula virtual do instituto.

A consellería de educación promoverá o uso adecuado das TIC na aula e a formación inicial e permanente do profesorado.

O PEC recollerá a estratexia dixital do centro (art.121). O director fomentará a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación e innovación educativa.(art.132- m)

Os centros docentes elaborarán o seu plan dixital no curso académico 2021-2022, según a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, e a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Na resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes para o curso 2021-2022 . O equipo de dinamización do Plan Dixital, elaborou un Plan Dixital despois de realizado unha análise da situación do centro no que respecta á competencia dixital.

### 1.4. Proceso de elaboración

A partir das análises para a diagnose de situación SELFIE, no que participou un 100% do equipo directivo, un 71% do profesorado e un 80% do alumnado, un Test de Competencia Dixital Docente no que participou o 72,5 % do profesorado e un análise DAFO fixéronse os obxectivos e actuacións deste plan.



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón actualmente de conexión por fibra dende o mes de decembro de 2021, de feito esta foi unha das primeiras medidas que se levaron a cabo dentro de este plan dixital, ata ese momento a conexión do centro a internet era mediante o programa de escolas conectadas. Debido a este cambio na conectividade a internet o centro ten na actualidade unha maior velocidade de conexión que permitirá conectar un maior número de equipos de forma óptima. Dentro do centro existen 4 puntos de conexión wifi para facilitar o traballo con equipos portátiles ou outros dispositivos. En canto aos espazos e equipamentos o centro conta na actualidade con 315 equipos distribuídos en catro aulas específicas de informática (das cales dúas son aulas de grupo do ciclo superior de electricidade), dúas aulas complementarias de informática destinadas a docencia en ciclos e a aula específica de fol que conta tamén con equipamentos informáticos para a docencia. Cada aula de grupo e departamento didáctico contan con ordenador, canón e sistema de sonorización para a docencia, ademáis de pizarras dixitais nas aulas de ESO, Bacharelato e as de grupo en Ciclos. No que atinxe ao conxunto de ordenadores, oito están destinados a procedementos administrativos, seis como equipos de traballo comunitario na sala de profesores e outros que están ubicados en outros espazos do

centro para diferentes usos. O centro conta tamén con unha biblioteca na que existen seis equipos con distintas utilidades (acceso a internet e como equipos de traballo e consulta do alumnado). Os departamentos didácticos contan tamén con dotación de ordenador (portátil e sobremesa, canón e sonorización para facilitar a impartición efectiva das clases propias de cada materia). Dende o presente curso 2021-2022 o centro conta cunha radio e espazo de sonorización para diferentes usos co alumnado.

Outro dos elementos clave no proceso de dixitalización dos centros e a interconectividade e comunicacións dentro da comunidade educativa, para isto o centro fai uso das ferramentas institucionais da consellería (abalar, correo electrónico, páxina web e a aula virtual como plataforma de formación). Ademais contratouse un sistema de mensario a móbil que está sendo utilizado para chegar a toda a comunidade de forma inmediata sen necesidade dunha conectividade 100% de todas as familias. Tamén o centro conta con un sistema de reprografía que está sendo utilizada dende a sala de profesores e a secretaría do centro.

Todas estas ferramentas de comunicación usadas polo centro deben ser incrementadas e melloradas nos próximos anos, de modo que unha das claves da dixitalización do centro pasa pola maior interconectividade da comunidade educativa.

Outro dos aspectos a sinalar dentro do centro á a necesidade de realizar un plan de comunicación específico no que o aspecto dixital sexa abordado de forma profunda. No que respecta a estes plans o centro (tic ou continxencia) están accesibles na páxina web do centro para a súa consulta.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		4,6	4,3	4	
	Profesorado		3,2	3	3,5	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		4,3	4,4	4,1	
	Profesorado		2,6	2,7	3,2	
	Alumnado		2,6	2,9	3,2	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,4	4,4	4	
	Profesorado		3,1	3,1	3,2	
	Alumnado		3,4	2,8	3,4	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,9	4,8	4,4	
	Profesorado		3,1	3,1	3,6	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,5	4,6	4,4	
	Profesorado		3,6	3,8	3,8	
	Alumnado		3,9	3,4	4,1	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		4,5	4,3	4,3	
	Profesorado		3,3	3,3	3,8	
	Alumnado		3,2	2,8	3,4	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		4,1	4	4,1	
	Profesorado		2,7	2,7	3,5	
	Alumnado		2,8	2,2	3,3	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		4	3,8	3,9	
	Profesorado		3,1	3	3,3	
	Alumnado		3,2	2,9	3,5	

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	14	85,7%
PROVISIONAL	4	5	80%

<b>INTERINO</b>	9	14	64,3%
<b>SUBSTITUTO</b>	3	6	50%
<b>DESPRAZADO</b>	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CF	71,9	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
ESO	60,2	Explorador/a(A2)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	66	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A2</b>	13	44,8%
<b>B1</b>	12	41,4%
<b>B2</b>	2	6,9%
<b>C1</b>	1	3,4%
<b>C2</b>	1	3,4%
<b>TOTAL</b>	29	99,9%

## 2.3. Análise DAFO

<b>INTERNOS</b>	<b>FORTALEZAS</b>	<b>DEBILIDADES</b>
-----------------	-------------------	--------------------

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Acceso a Internet</li> <li>2. Infraestructura, espazos físicos e dispositivos dixitais para o ensino</li> <li>3. O centro emprega servizos dixitais corporativos (correo, páxina web, abalar, etc)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Asistencia técnica</li> <li>2. Política de protección de datos</li> <li>3. Bibliotecas/repositorios en liña</li> <li>4. Ausencia de programas e dispositivos dixitais de almacenamento de equipamentos e recursos (utilización de beacons)</li> <li>5. Inexistencia dunha aplicación/programa de xestión de espazos (para avarías, incidencias nos espazos).</li> <li>6. Sen rede interna corporativa.</li> </ol>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Uso das tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa co centro educativo</li> <li>2. No noso centro debatimos en canto o emprego da tecnoloxía dixital</li> <li>3. Posibilidades de participación no DCP</li> <li>4. Uso activo e creativo de aulas virtuais</li> <li>5. Creación de recursos dixitais que reforzan o método de ensino</li> <li>6. Emprego de recursos educativos en liña</li> <li>7. Uso de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado</li> <li>8. Uso de recursos educativos abertos</li> <li>9. Uso das tecnoloxías dixitais para adaptar o o método de ensino ás necesidades individuais do alumnado</li> <li>10. Uso das tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado</li> <li>11. Emprego das tecnoloxías dixitais con fins de orientación profesional</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino</li> <li>2. Iniciativas para afrontar necesidades de formación profesional continua do profesorado</li> <li>3. Posibilidades de DCP centradas no uso de tecnoloxías dixitais específicas para as materias</li> <li>4. Diversidade de competencia dixital</li> <li>5. Participación en proxectos interdisciplinares</li> <li>6. Formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital</li> <li>7. Emprego de prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía, incluíndo información e retroalimentación ao alumnado</li> <li>8. Estratexias para facilitar a participación do alumnado en proceso de avaliación entre iguais</li> <li>9. Utilización dos recursos dixitais para observar e documentar os progresos</li> </ol>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dotación dos espazos con ordenadores e máquinas de reprografía telemáticas.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ausencia de programas e dispositivos dixitais de almacenamento de equipamentos e recursos (utilización de beacons)</li> <li>2. Aplicación/programa de petición de materias, recursos e equipamentos a secretaría</li> <li>3. Inexistencia dunha aplicación/programa de xestión de espazos (para avarías, incidencias nos espazos)</li> </ol>
	<b>ALUMNADO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valoran o emprego das ferramentas dixitais</li> <li>2. Coñecedores das vantaxes do emprego do software libre</li> <li>3. O alumnado ten acceso a unha base de datos de provedores de formación no lugar de traballo</li> <li>4. O alumnado desenvolve competencias dixitais relacionadas coa súa cualificación profesional</li> <li>5. Existencia de puntos de información e publicidade de información dixitalizada no centro (pantalla informativa)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado</li> <li>2. Verificación da calidade da información que atopa en Internet</li> <li>3. Comportamento seguro e responsable en Internet</li> </ol>
	<b>FAMILIAS</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Uso de ferramentas corporativas de comunicación e consulta académica (abalar) e outras complementarias (mensario).</li> <li>2. Existencia de fondos bibliográficos electrónicos e dispositivos na biblioteca do centro.</li> <li>3. Dispositivos dixitais para levar a casa cando sexa preciso</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Non existe unha estratexia dixital</li> <li>2. Crear sistemas de certificación académica.</li> <li>3. Implementar organización de gardas lectivas cun procedemento dixitalizado (aviso de inasistencia e actividades a realizar durante estas sesións)</li> <li>4. Control de uso de instalacións (aulas de informática, aulas comúns de uso, etc).</li> <li>5. Ampliación da rede de impresión telemática na conxerxería do centro.</li> <li>6. Dotar ás aulas de novos dispositivos informáticos/audiovisuais nas diferentes aulas onde se imparte docencia.</li> </ol>
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Non existe unha estratexia dixital</li> <li>2. Crear sistemas de certificación académica.</li> <li>3. Implementar organización de gardas lectivas cun procedemento dixitalizado (aviso de inasistencia e actividades a realizar durante estas sesións)</li> <li>4. Control de uso de instalacións (aulas de informática, aulas comúns de uso, etc).</li> <li>5. Ampliación da rede de impresión telemática na conxerxería do centro.</li> <li>6. Dotar ás aulas de novos dispositivos informáticos/audiovisuais nas diferentes aulas onde se imparte docencia.</li> </ol>

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Financiamentos baseados en obxectivos.</li> </ol>	

<b>CATEGORÍAS</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>2. O centro conta con achegas económicas procedentes da consellería que permitirían a adquisición de novos equipamentos.</li> <li>3. Existencia dunha oferta formativa (electricidade) entroncada co desenvolvemento dixital que permitiría dinamizar o proceso no centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Imposición da burocracia.</li> <li>2. Porcentaxe elevada de cambio no claustro duns cursos a outros.</li> </ol>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existencia de información normativa actualizada na páxina web do centro</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os cambios normativos</li> </ol>
	<b>CONTORNA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existencia no centro de conexión por fibra que permite unha mellor e máis eficiente uso de internet para o alumnado da vila.</li> <li>2. Facilidade para establecer redes de colaboración e traballo en equipo ao tratarse dun contexto de pouca poboación cunha cultura de base colaborativa.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Na actualidade ningunha institución pública ou privada da conta cun proxecto de dixitalización que afecte a algúns dos membros da nosa comunidade educativa.</li> <li>2. A comarca está a vivir na actualidade un período de certa inestabilidade laboral que se traduce nas condicións socioeconómicas da contorna.</li> <li>3. Existencia de alumnado e profesorado sen conexión eficiente a internet ou velocidade limitada no seu uso (adsl) non existindo en case ningún dos casos fibra óptica en núcleos pequenos de poboación do concello.</li> </ol>
	<b>ANPA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Actitude colaboradora e proactiva das familias nas propostas feitas polo centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Non hai anpa no centro</li> </ol>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O noso centro non colabora con outros centros e/o organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</li> </ol>



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,  
Transformación e Resiliencia



Xacobeo 21-22

### 3. Plan de acción

#### 3.1. Táboa para cada obxectivo do plan de acción

<b>Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)</b>						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Formar ao alumnado no emprego da Aula Virtual				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo, coordinador/a das Tic e titores/as de grupo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	1. Entrar na aula virtual, editar o perfil e ver os seus cursos 2. Entregar tarefas 3. Participar nos foros e Enviar mensaxes ao profesorado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% O alumnado de 1º ESO descoñece o funcionamento da Aula Virtual					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% do alumnado de 1º ESO emprega a Aula Virtual			Novembro 2022		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO1.1:O alumnado de 1º ESO accede ao aula virtual, configura o seu perfil e sabe acceder os diferentes cursos nos que está matriculado	Titor/a	Novembro 2022	Utilización das sesións de titoría de grupo Conexión a Internet e ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: O alumnado de 1º ESO entrega diferentes tarefas a través da Aula virtual	Titor/a	Novembro 2022	Utilización das sesións de titoría de grupo Conexión a Internet e ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: O alumnado participa en diferentes foros e comunícase a través de mensaxes cos profesores	Titor/a	Novembro 2022	Utilización das sesións de titoría de grupo Conexión a Internet e ordenador		Realizada	
					Aprazada	



de cada materia					Pendente
-----------------	--	--	--	--	----------

### Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos (C)

<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Empregar ferramentas dixitais de control ou monitorización de aula	Acadado
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	1. Conxelar os equipos 2. Instalar un software de monitorización (iTALC) 3. Empregar o programa para o seguimento das actividades do alumnado	
<b>Valor de partida: (3)</b>	%0 do profesorado emprega a aplicación	
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Ao menos o 50% do profesorado emprega a aplicación	Ao remate do curso 2023

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Conxelación de equipos	Equipo directivo	Novembro 2022	Software preciso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Instalación dun software de monitorización orientado a aula onde sexa preciso facer un seguimento aos ordenadores do alumnado	Equipo directivo	Novembro 2022	Software de monitorización		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<p>AO1.3: O profesorado emprega a aplicación para realizar tarefas de control como: pechar xogos, navegadores web...bloquea equipos, fai capturas de pantallas, acende ou apaga os ordenadores da aula, envía mensaxes...</p>	<p>Coordinador/a das Tic</p>	<p>Remate do curso 2023</p>	<p>Software de monotorización</p>		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Colaboración e redes(B)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Usar a radio escolar como espazo creativo, de traballo interdisciplinar e colaborativo.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a da radio escolar				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	1.Creación de podcast, 2. Traballo interdisciplinar, 3. Emprego da radio na materia de oratoria, 4. Traballar contidos transversais.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% de emprego da radio					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1. Creación dun podcast por departamento 2. Uso da radio na materia de oratoria ao menos unha vez no curso 3. Realización polo menos dun traballo colaborativo ao longo do curso.			Durante todo o curso 2022/2023		

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Creación de: podcast, gravacións para o alumnado.</b>	Coordinador/a radio Equipo da biblioteca Coordinador/a tic Equipo directivo	Todo o curso escolar	Estudo de radio existente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Laboratorio de prácticas de destrezas como a oratoria</b>	Profesor/a da materia de oratoria Profesores/as de linguas Equipo da biblioteca Equipo directivo Equipo directivo	Todo o curso escolar	Estudo de radio existente Recursos dos diferentes departamentos Fondos bibliográficos da biblioteca		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Espazo multidisciplinar con creación de contidos por materias</b>	Departamentos didácticos (todo o claustro)	Todo o curso	Estudo de radio e dotacións dos departamentos		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente
--	--	--	--	--	----------

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipos (C)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Instalar soportes de datos (beacons) en almacenes, aulas de taller, aula de tecnoloxía, aulas de informática e nas que sexa necesario				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	1. Introducir inventarios de aulas, espazos e departamentos nestes novos soportes, 2. Actualizar a dotación dos espazos ao longo do curso.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 % dos Dptos. emprega este dispositivo					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% Dptos. actualizou os inventarios			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Instalación de soportes de datos (beacons)	Equipo directivo	Novembro 2022	Beacons e software preciso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Introducción de inventarios de	Xefes/as Dpto.	Marzo 2023	Beacons e software preciso		Realizada	

aulas, espazos e departamentos.					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Actualización dos inventarios</b>	Xefes/as Dpto.	Xuño2023	Beacons e software preciso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>Área/s de mellora: Infraestructuras e equipos (C)</b>						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Solicitude para o curso 2022/2023 do proxecto "POLOS CREATIVOS" da Consellería de Cultura, educación e Universidade				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e coordinador do plan dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	1.- Lograr a concesión dun polo creativo, 2.- Equipar un espazo/aula do centro para o seu desenvolvemento, 3.- Convertir este espazo nun elemento dinámico do centro para o seu uso por parte do alumnado de todas as ensinanzas que se imparten no centro					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% Non existe un espazo similar na actualidade					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% Conseguir este espazo e dotalo para o seu funcionamento			Curso escolar 2022-2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>		<b>ESTADO (10)</b>
<b>AO1.1:Presentación dun proxecto para optar a un dos 220 polos creativos que a Consellería pon a</b>	Equipo directivo	Setembro 2022	-Nomeamento dun coordinador/a do proxecto e creación dun equipo de			Realizada
						Aprazada

disposición dos centros docentes de ensino secundario			traballo.		Pendente
AO1.2: Creación e dotación dun espazo para o desenvolvemento do proxecto	Equipo directivo	Novembro 2022	- Aula adecuada no centro - Adquisición de equipamentos complementarios aos proporcionados.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Conversión do espazo nun elemento dinámico do centro para o seu uso por parte do alumnado de todas as ensinanzas que se imparten no centro	Claustro	Curso 2022/2023	- Colaboración interdisciplinar e de coordinación dos departamentos didácticos de carácter científico.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

### Área/s de mellora: Colaboración e redes(B)

<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Empregar o dominio Google do centro para as funcións de titoría			Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a Tic do centro			Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	1. Compartir documentación relevante para o funcionamento do centro. 2. Facilitar a comunicación entre os titores e o resto do profesorado así como alumnado 3. Editar documentos en conxunto				
<b>Valor de partida: (3)</b>	%0 do profesorado emprega a conta Google				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	O 60% do profesorado emprega a conta Google		Ao remate do curso 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>

<b>AO1.1: Creación da conta Google do profesorado e alumnado</b>	Coordinador TIC	Novembro 2022	Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Creación de carpetas con documentación relevante para o funcionamento do centro. Creación dun documento coas contas de correo de todo o profesorado</b>	Equipo directivo	Novembro 2022	Proxecto educativo, plans e proxectos do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Compartir documentos para editar en conxunto (recollida de información para a titoría do alumnado), partes de faltas de orde...</b>	Orientador/a e equipo directivo	Durante todo o curso	Plan de acción tutorial Plan de atención á diversidade Plan de convivencia Normas de organización, funcionamento e convivencia Proxecto educativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.4. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro conta actualmente con un importante número de ordenadores, que deben ser renovados para que podan ser utilizados de forma cómoda e efectiva por parte de toda a comunidade educativa. Dentro de este aspecto sería moi importante incrementar o número de aulas de informática do centro e a súa dotación e creando espazos dixitais/tecnolóxicos que podan dar resposta ás novas necesidades que require a docencia ou a vida profesional para os futuros traballos. En este senso a consellería está a crear estes novos espazos (polos creativos) que o centro pode incrementar e mellorar. Así estas melloras tamén se poden vertebrar cos espazos e dotacións que actualmente ten a familia profesional de electricidade e electrónica. Parte de estas melloras serán claves na plena dixitalización do centro nos próximos anos.

Outro aspecto importante é establecer unha dotación económica fixa cada ano para, independentemente da dotación proporcionada por Amtega, poidamos acometer estas adecuacións, adquisicións e adaptacións de equipamentos e espazos a unha realidade moi cambiante e clave na capacitación do alumnado.

### 4. Avaliación do plan

Realizarase dúas valoracións:

- Unha avaliación procesual, a frecuencia da súa realización será como mínimo ao final do trimestre. Os aspectos a valorar serán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados así como as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha avaliación final do curso 2022-23 onde se valorará se se acadaron os obxectivos e as posibles propostas de mellora.



## 5. Difusión do plan

Difundirase na páxina web do centro e nas distintas Comisións Pedagóxicas e claustros,